

REGULAMENTO DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO ARZÚA.

A axuda no fogar ten a consideración de prestación básica dos Servizos Sociais de Atención Primaria, que non exime á familia das súas responsabilidades, con planificación, coordinación e control público, que a través de persoal cualificado e supervisado presta unha serie de atencións ou coidados de carácter persoal, psicosocial, educativo, doméstico e técnico ás familias e persoas con dificultades procurando a continuidade no seu contorno habitual, recuperación da autonomía persoal ou familiar, participación activa na actividade da comunidade, así como potencia-los recursos propios e vínculos familiares.

Para que o servizo de axuda no fogar deste Concello mellore na súa calidade de prestación, require establecer un marco normativo a nivel local que recolla os contidos das prestacións, dereitos e deberes dos usuarios, regulación das condicións de acceso ó servizo, procedemento e criterios básicos de acordo coa Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar e da Lei 13/2008 do 3 de Decembro que regula os Servizos Sociais de Galicia e na que se inclúe como funcións dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos a xestión do servizo de axuda no fogar, así coma a participación na xestión de prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.

A lei 39/2006 de promoción da Autonomía persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, o Real Decreto 727/2007 de 8 de xuño sobre criterios para determinar a intensidade da protección, servizos e contías das prestacións da citada lei e demais lexislación aplicable, introducen cambios que inciden na prestación do servizo de axuda no fogar municipal, polo que é necesaria a adaptación a citada lei.

CAPITULO I. DISPOSICIONS XERAIS.

Artigo 1º. Fundamento legal.

A prestación do servizo de axuda no fogar realizarase por parte do Concello de Arzúa de conformidade ao disposto en:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- O Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os Servizos Sociais de Atención Primaria.
- A Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- O Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006.
- A Orde do 17 de decembro de 2007, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas no sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade autónoma de Galicia.

Artigo 2º. Datos de identificación.

- ENTIDADE TITULAR: Concello de Arzúa

- CIF: P1500600J
- SEDE OFICIAL: Rúa Santiago nº2 – Arzúa– A Coruña
- (Tfno. 981 500000 // FAX :981 500914)
- OFICINA BASE DO PROGRAMA: Rúa Santiago nº2- Baixo – Arzúa– A Coruña
- (Tfno: 981815297 // FAX: 981508139)
- HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO: luns a venres de 10:00 a 14:00
- AMBITO DE ACTUACIÓN: local.
- CORREO ELECTRONICO: serviciosocialesAarzua.dicoruna.es

Artigo 3º. Obxecto.

O presente regulamento ten por obxecto regular o funcionamento do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Arzúa de acordo co establecido na Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e a Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, o Decreto 143/2007 do 12 de xullo polo que se regula o réxime autorización e acreditación dos programas e dos centros de Servizos Sociais, a Lei 39/2006 do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención as persoas dependentes, o Real Decreto 727/2007 do 8 de xuño sobre criterios para determinar a intensidade de protección, servizos e contía das prestacións e o establecido na Orde do 17 de decembro do 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do PIA, das intensidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidades das prestacións do sistema para a autonomía e atención a dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 4º. Concepto e Principios xerais.

1. O servizo de axuda no fogar considérase:

Unha prestación básica de Servizos Sociais de Atención Primaria inserta no Sistema integrado de Servizos Sociais, de carácter complementario e transitorio, que non exime a familia das súas responsabilidades; tendo por obxecto prestar un conxunto de atención ás persoas no seu domicilio, desde una perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Este servizo levaráse a cabo mediante un sistema de planificación, coordinación e control público que, a través de persoal cualificado e supervisado, presta a nivel preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador, una serie de atención ou coidados de carácter persoal, psicosocial e educativo, doméstico e técnico, a familias e persoas con dificultades para procurar o seu benestar físico, social e psicolóxico, proporcionándolles a posibilidade de continuar no seu entorno natural, mentres isto sexa posible e convinte.

2. Os principios fundamentais que se deben de dar na atención son:

a) Principio de normalización e integración: o servizo de axuda no fogar prestarase no ámbito doméstico, familiar, sociale cultural das persoas usuarias, utilizando na medida do posible, os recursos normalizados existentes.

b) Principio de autonomía: o servizo de axuda no fogar deberá fomentar ao máximo posible a autonomía da persoa usuaria.

c) Principio de participación: deberase fomentar a participación da persoa usuaria na elaboración do seu plan reintervención.

d) Principio de globalidade: as atencións prestadas deberán reunir un carácter polivalente, de xeito que cubran a máis ampla gama de necesidades ás persoas usuarias.

e) Principio de profesionalización: tanto os responsables do servizo como o persoal de atención directa, deberán contar coas competencias profesionais correspondentes e reguladas legalmente.

f) Principio de individualización: todas as persoas atendidas ao través do servizo, deberán dispoñer dun plan individualizado de actuación adecuado ás súas necesidades

g) Principio de complementariedade: o servizo de axuda no fogar poderá articularse con outras prestacións técnicas, económicas e/ou tecnolóxicas.

h) Principio de prevención: a prestación deste servizo deberá ter en conta o aspecto preventivo para evitar o deterioro da persoa usuaria e a consecuente institucionalización

i) Principio de inclusión: a prestación do servizo deberá fomentar a aplicación de actividades encamiñadas á inclusión individual e/ou familiar no medio comunitario

Artigo 5º. Obxectivos do servizo.

O servizo de axuda no fogar ten como obxectivo garantir os dereitos das persoas en situación de dependencia, nos termos sinalados na Lei 39/2006 do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia.

O servizo de axuda no fogar ten como obxectivo promover a permanencia das persoas no seu entorno habitual, mellorando a calidade de vida dos seus usuarios na súa autonomía persoal, seguridade e relacións persoais e sociais, suplindo neste senso a falta de familiares que poidan atender as súas necesidades, ou complementando o labor da familia cando esta non poida atender as mesmas de forma axeitada.

O servizo de axuda no fogar debe evitar ou atrasar o ingreso en centros residenciais daquelas persoas que non o desexen ou non o necesiten, proporcionándolles unha alternativa máis acorde e normalizada á súa situación. Do mesmo xeito previrá situacións de deterioro persoal ou familiar orixinadas pola convivencia durante un tempo prolongado con persoas dependentes e que supoñan unha sobrecarga persoal.

Os obxectivos do servizo de axuda no fogar son:

- a) mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) retardar ou evitar a institucionalización.
- g) reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 6. Atencións que comprende o servizo.

De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais que en cada caso correspondan, poderán prestarse os seguintes tipos de atención:

1.- ATENCIÓNS DE CARÁCTER BÁSICO.

a) ATENCIÓNS DE CARÁCTER PERSOAL NA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES BÁSICAS DA VIDA DIARIA: Son todas aquelas actividades que se dirixen a persoa beneficiaria do servizo cando non as poida realizar por si mesma ou precise de apoio para levalas a cabo, tales como:

- asistencia para levantarse e deitarse
- apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse
- control do réxime alimentario e acuda, se é o caso, para alimentarse

- supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos
- apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal
- apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia

b) ATENCIÓNS DE CARÁCTER PERSOAL NA REALIZACIÓN DOUTRAS ACTIVIDADES DA VIDA DIARIA:

- acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos
- apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes
-

c) ATENCIÓNS DAS NECESIDADES DE CARÁCTER DOMÉSTICO E DA VIVENDA:

- limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda
- compra de alimentos e outros produtos de uso común
- preparación dos alimentos
- lavado e coidado das prendas de vestir
- coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio, sempre en función da dispoñibilidade destes servizos por parte da administración pública.

D) ATENCIÓNS DE CARÁCTER PSICOSOCIAL E EDUCATIVO: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora na da estruturación familiar

2. *Con CARÁCTER COMPLEMENTARIO* o servizo de axuda no fogar poderá incorporar os seguintes tipos de atención, sempre en función da dispoñibilidade deste servizos por parte da administración pública:

- actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- adaptacións funcionais do fogar
- servizo de podoloxía
- servizo de fisioterapia
- servizo de comedor.
- outras que se valoren técnicamente como realizables dentro do programa.

3. No servizo de axuda no fogar poderán integrarse determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e mellora de autonomía e calidade de vida.

CAPITULO II: BENEFICIARIOS

Artigo 7º. Persoas destinatarias.

1. O servizo de axuda no fogar está dirixido as persoas ou unidades familiares que residen no Concello de Arzúa, para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.

De xeito particular, o servizo atenderá a :

- Familias ou persoas que presenten disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora cunha adecuada atención no fogar.
- Persoas maiores con certo nivel de dependencia que non teñan a ninguén que os atenda suficientemente e que con esta axuda poidan continuar vivindo no seu propio fogar.
- Persoas con minusvalía ou discapacitadas ás que a axuda a domicilio lles poida favorecer a súa autonomía.

- Persoas afectadas por unha lesión, enfermidade física ou mental, ou por outros motivos que lles fagan precisar axuda.
- Menores que necesiten coidado ou atención por ausencia, circunstancias provisionais de enfermidade ou motivos xustificadas, os seus pais ou titores non poidan exercer-las súas funcións.
- Colectivos específicos que presenten situacións de risco ou exclusión social.
- En xeral cando exista unha situación de desatención social ou familiar avaliada técnicamente, que xustifique a intervención do servizo.

2. Terá prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan o dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención a dependencia segundo grao e nivel.

Artigo 8º. Requisitos das persoas destinatarias.

Os requisitos que deben reunir os beneficiarios para acceder a prestación do SAF son os seguintes:

- Estar empadroadado e ter residencia efectiva no termo municipal.
- Estar dentro do grupo de persoas especificadas no artigo anterior.
- Que non reciban axuda doutra institución ou entidade para o mesmo fin.
- Que acepten o servizo coas características, obrigas e normativa
- Que reunan as distintas condicións que figuran nos baremos.

CAPÍTULO III: DOS DEREITOS E DOS DEBERES.

Artigo 9. Dereitos e deberes das persoas usuarias

1. As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán os dereitos recoñecidos no artigo 6 da orden de 22 de xaneiro de 2009 que regula o servizo de axuda no fogar , polo tanto:

- A ser tratadas co respecto debido á súa dignidade.
- A recibir unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
- A coñecer a organización e o regulamento do servizo.
- A coñecer a situación do seu expediente.
- Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- A recibir información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
- A presentar queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

2. As persoas usuarias do servizo terán os deberes sinalados no artigo 7 da orden de 22 de xaneiro de 2009 que regula o servizo de axuda no fogar, polo tanto deberán:

- Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.
- Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
- A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
- Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
- Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que

puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.

- Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
- A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

Artigo 10. Deberes do persoal que presta o servizo de axuda no fogar.

- a) O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza coa persoa beneficiaria e coa familia interfira no traballo.
- b) Respetar a intimidade da persoa beneficiaria
- c) Gardar a debida confidencialidade
- d) O/a auxiliar non debe facer partícipe a persoa beneficiaria e familia dos seus propios problemas, separando a súa vida privada do seu traballo.
- e) Respetar integramente o horario e as tarefas e non se poderán realizar cambios sen a previa autorización do/a responsable técnico do servizo de axuda no fogar.
- f) O/a auxiliar de axuda no fogar non lles debe facer traballos a outros membros da familia distintos dos/as beneficiarios/as., aínda que convivan na mesma casa, se non está contemplado no plan de traballo.
- g) Comunicar as ausencias coa antelación suficiente co obxecto de planificar a atención dos servizos.
- h) Non poderá acudir ao lugar de traballo en compañía de persoas alleas ao servizo.
- i) Non poderá recibir a custodia de cartos, xoias, ou doutros obxectos.
- j) Non poderá recibir contraprestación ou bonificación algunha por parte da persoa beneficiaria (cartos, agasallos, alimentación etc.)
- k) Non disporá das chaves de ningún domicilio, salvo excepcións debidamente autorizadas polo/a traballador/a social responsable do seguimento do servizo.
- l) Non realizar o servizo fóra do horario laboral asignado.
- ll) O/a auxiliar de axuda no fogar non pode informar a súa propia familia ou persoa allea ó servizo do enderezo dos domicilios ou familias que atende.

Artigo 11. Dereitos e deberes das entidades prestadoras

- Acceder á vivenda do titular do SAF aos efectos de valoración, prestación do servizo, seguimento e avaliación
- Requirir a documentación e información precisas para a instrución do expediente e valoración do servizo
- Realizar as actuacións de comprobación precisas para o desenvolvemento do servizo
- Prestar o servizo dacordo co presente Regulamento
- Respetar o prezo do servizo establecido na ordenanza municipal
- Tratar os datos persoais dos usuarios e usuarias de conformidade coa Lei 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de Carácter Persoal
- Dispoñer de expedientes individualizados de cada persoa usuaria
- Ter a disposición das persoas usuarios un libro de reclamacións
- Cumprir e facer cumprir dacordo coas súas funcións, o Regulamento de Réxime Interior do servizo
- Velar polo respecto aos dereitos das persoas beneficiarias recollidos no Regulamento de Réxime Interior do servizo, e aqueles outros recoñecidos na lexislación vixente

- Gardar estrita confidencialidade sobre os datos persoais das persoas beneficiarias do servizo aos que teñan acceso en razón das súas funcións.

CAPÍTULO IV: DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

Artigo 12. Formas de prestación do servizo.

1.- O servizo de axuda no fogar será prestado polas entidades locais, ben directamente ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizo públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas, atendendo ao disposto no capítulo II, sección primeira da Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

2.- O servizo será coordinado por os/as traballadores/as sociais dos servizos de atención primaria, que desempeñan unha labor de carácter técnico (valoración, diagnóstico, seguimento e avaliación), en coordinación con profesionais do propio equipo e en colaboración cos doutros servizos ou programas que pertencen a estes servizos sociais ou a outros servizos de protección social.

3.- O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, debidamente formados/as na atención domiciliaria, atendendo ao disposto no artigo 12. 2º da orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

4.- Entre os dous niveis estableceranse liñas de coordinación, así como entre estes e o voluntariado, o cal poderá colaborar de forma complementaria baixo a supervisión técnica dos servizos sociais de atención primaria, atendendo ao disposto na lexislación sobre o voluntariado.

CAPÍTULO V. ORGANIZACIÓN E PROCEDEMENTO.

Artigo 13. Profesionais e funcións.

O servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais de atención primaria de titularidade municipal e será coordinado polo profesional do equipo técnico dos servizos sociais do concello de Arzúa.

O persoal directamente adscrito á prestación do Servizo de Axuda no Fogar estará integrado por:

1.- *Traballador/a Social de atención primaria.* É o/a profesional que recibirá a demanda, realizará o estado e estimación da situación presentada, deseñará o proxecto de intervención axeitado e será o/a responsable do seu seguimento e avaliación.

As súas tarefas serán:

- Programación e avaliación xeral do servizo
- Recepción e estado das demandas de información dos/as solicitantes, valoración da situación, proposta de concesión/denegación do servizo, deseño da proposta de intervención cos obxectivos e a estratexia que compre seguir, mobilizando e asignado os recursos necesarios
- Estímulo das responsabilidades dos familiares como cuidadores primarios e fomento da autoestima dos/as usuarios/as
- asignación e supervisión das tarefas
- Formulación de propostas de ampliación, redución ou suspensión do servizo
- Avaliación e seguimento dos casos atendidos
- Coordinación do servizo con asociacións, institucións, profesionais e voluntariado, e demais axentes intervincentes

2.- *Auxiliar de axuda no fogar.* É o/a profesional que realiza as tarefas de carácter asistencial e educativo en contacto directo co/a usuario/a do servizo, a súa familia e o seu entorno. As súas funcións concretas serán:

- Asistenciais, de carácter persoal e doméstico
- De orientación en actividades da vida cotiá, favorecendo una normalización do funcionamento do fogar

- Educativas, potenciando o protagonismo do/a usuario/a, non substituíndoo/a naquelas tarefas que poida realizar por sí mesmo/a e facilitándolle as canles de comunicación co seu entorno
- Colaboración co/a traballador/a social na coordinación e avaliación do servizo

As tarefas a realizar serán as necesarias para levar a cabo as funcións anteriormente relacionadas, e serán establecidas e supervisadas en cada caso polo/a profesional ou equipo responsable do seguimento do servizo.

3.- *Outros/as profesionais* coordinados cos/as traballadores/as sociais e que forman parte do equipo de atención primaria, tales como psicólogo/a, educador/a familiar e profesionais doutros servizos que colaboren co servizo de axuda no fogar, que intervirán en cada caso cunha programación específica deseñada para o efecto.

Aquelas funcións que corresponden ao campo sanitario, tales como curas, inxeccións, sondaxes, etc. e todas aquelas tarefas referentes á saúde, será preciso unha estreita colaboración socio-sanitaria, coordinando o servizo de axuda no fogar cos/as sanitarios do centro de saúde, hospital ou servizos sanitarios correspondentes.

4.- *Voluntarios/as*. Son aquelas persoas que actúan de forma solidaria sen expectativas de remuneración económica e dentro do programa de intervención que corresponda complementando de xeito coordinado as funcións e tarefas do persoal anteriormente mencionado. Dado o seu carácter, as tarefas que poderán desempeñar serán as de compañía, fomento de relacións e comunicación e ocupación do tempo de lecer, tanto dentro como fóra do fogar, e outras que constituirán o fomento da autoestima.

5.- *Empresa encargada da xestión e execución do servizo*. Sen prexuízo do carácter público da planificación, coordinación e control do servizo de axuda no fogar, a xestión e execución poderán realizarse a través de entidades privadas debidamente autorizadas (cooperativas, empresas de servizos ou outro tipo de entidades) mediante convenios ou outras formas previstas na Lei de contratos da Administración Pública, tal e como se sinala no artigo 12 do presente regulamento municipal.

En caso de que o servizo sexa prestado por cooperativas, empresas de servizos ou outro tipo de entidades, as súas funcións do/a traballador/a social asignado pola empresa para o seguimento das atencións serán:

- Coordinar o servizo e os recursos humanos necesarios.
- Supervisión e seguimento do servizo.
- Manter reunións periódicas cos/as auxiliares de axuda no fogar e o/a técnico/a do Concello encargado da planificación, coordinación e control do servizo para garantir o correcto funcionamento do mesmo.
- Informar ao/á técnico/a do Concello cando se produzan algunha das causas de suspensión do servizo.

Artigo 14. Modalidades de acceso ao servizo.

O acceso ao servizo producirase a través dos servizos sociais de atención primaria, de acordo coas seguintes modalidades:

1. Acceso directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na

comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

2. Réxime de libre concorrència para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non lles asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención a dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo de prescrición técnica favorable dos servizos sociais de atención primaria, resolverase en réxime de libre concorrència de acordo cós criterios establecidos neste regulamento.

3. De igual maneira á expresada no apartado anterior procederase nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.

4. Nos supostos recollidos nos apartados 2 e 3 deste artigo empregárase o baremo recollido nesta ordenanza que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoraran factores de carácter persoal e socio-familiar, o de apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxetivamente a normalización social y a calidade de vida.

5. A prestación do servizo, estará condicionada pól as posibilidades presupuestarias do programa no que terán preferencia as persoas derivadas do sistema de autonomía e atención á dependencia(SAAD).

Artigo 15.- Procedemento para a tramitación do servizo.

1. Para aquelas persoas con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo, si ben se seguirá o procedemento de instrución sinalado para o acceso polo sistema de libre concorrència aos efectos de completar a documentación do expediente individual.

2. Para aquelas persoas que accedan ao servizo mediante a modalidade de libre concorrència, o procedemento de acceso iniciárase ben de oficio ou ben a instancia de parte:

2.1 O Concello iniciará de oficio o expediente de prestación do servizo naqueles casos de carácter urxente (altas hospitalarias, ausencias temporais dos principais coidadores, ou aquelas outras situacións de grave risco para o/a beneficiario/a), debidamente acreditadas no expediente. O Concello iniciará a prestación do servizo atendendo ao establecido no punto 4 deste artigo.

2.1 O Concello iniciará a instancia parte aquelas solicitudes que sigan o protocolo que se sinala no punto 3 deste artigo.

3. O acceso ao servizo seguirá o seguinte protocolo:

a) Recepción da demanda e información sobre o servizo no departamento de servizos sociais, por parte do Traballador Social.

b) Presentación da solicitude en modelo oficial (**ANEXO I**) no Rexistro Xeral do Concello, que para tal fin será facilitado no departamento de servizos sociais, achegando a seguinte documentación que variará en función da modalidade de acceso:

- Impreso normalizado de solicitude (**ANEXO I**), debidamente asinado polo/a solicitante do servizo ou representantes legais
- Documentos identificativos do/a solicitante e da unidade familiar de convivencia
- Libro de familia ou documento que acredite a filiación, de ser o caso

- Tarxeta da Seguridade Social
- Certificado de convivencia con data de alta
- Informe médico (**ANEXO II**) e Informes médicos actualizados no caso de que a persoa solicitante e os familiares que formen a unidade familiar necesiten xustificar as súas limitacións físicas, psíquicas e/ou sensoriais.
- Certificado de minusvalía, de ser o caso
- Xustificantes de ingresos de tódolos membros da unidade familiar en idade laboral expedidos polo organismo, empresa ou entidade polo que os perciba. Naqueles casos nos que careza de documentación acreditativa, asinarase unha declaración xurada de ingresos.
- Declaración da renda da persoa solicitante, do cónxuxe ou parella de feito e de todas aquelas persoas que convivan no núcleo de convivencia e dependan economicamente da persoa solicitante. No seu defecto, certificado de imputacións de rendas do último exercicio. En todo caso, as persoas obrigadas a presentar esta documentación poderán asinar unha autorización para acceder a estes datos dende o departamento de servizos sociais.
- Certificado de patrimonio, ou ben autorización para obtelo dende o departamento de servizos sociais no caso de que a persoa solicitante non poida achegalo.
- Certificado do número de conta bancaria e documento de autorización por parte da persoa beneficiaria aos efectos do abono da cota correspondente, de ser o caso.
- Xustificante de gastos da vivenda (aluguer, hipoteca)
- Demais documentación que se considere pertinente polo departamento de servizos sociais a efectos de valorar as condicións do solicitante e de todos aqueles aspectos que deben ser tidos en conta no baremo da concesión do servizo

c) O/a auxiliar administrativo do departamento de Servizos Sociais comprobará que a solicitude reúne os requisitos administrativos establecidos no presente regulamento, e procederá a requirir aos/ás interesados/as cantos datos e documentos complementarios sexan necesarios para resolver o expediente atendendo ao disposto no artigo 71 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/9 de 13 de xaneiro.

d) Unha vez completados os expedientes o/a traballador/a social de atención primaria comprobará as circunstancias sociais do/a solicitante a través de visitas domiciliarias e entrevistas. En función dos datos achegados polo/a solicitante e dos que en exercicio das súas funcións puidese recoller o/a traballador/a social responsable do servizo, emitirase o correspondente informe social que conterá a proposta de resolución estimatoria ou denegatoria. Este informe social será preceptivo e vinculante, e determinará a idoneidade do servizo así como a intensidade e tarefas recomendables para cada caso concreto.

e) O órgano competente para ditar a resolución será o/a alcalde/sa, que pode delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 21.3º da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. O prazo máximo de resolución será 2 meses contados a partir da data de solicitude. Este prazo suspenderase polo tempo de requirimento da emenda de erros ou carencias nas solicitudes. Transcorrido dito prazo sen que se adoptara a resolución expresa, e sen prexuízo da obriga de resolver, entenderase desestimada a solicitude, podendo a persoa interesada interpoñer recurso potestativo de reposición ou contencioso administrativo, atendendo ao disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/9 de 13 de xaneiro.

f) A resolución será notificada por escrito a persoa interesada, especificando a intervención que proceda e o importe económico que debe aboar, de ser o caso.

g) Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse entre os servizos sociais de atención primaria do concello e a persoa usuaria, as condicións básicas da

prestación. A persoa beneficiaria do servizo formalizará por escrito a aceptación do servizo mediante o modelo de contrato (**Anexo III-1 e 2**), así coma o plan de traballo a realizar e a aceptación das condicións da prestación do servizo.

h) No caso de existir entidade xestora allea ao Concello, notificaráselle a alta do/a usuario/a e o plan de traballo, para proceder a entidade á designación do/a auxiliar

i) O/a traballador/a social de atención primaria e/ou o /a traballador/a social da empresa xestora do servizo, acompañarán a auxiliar de axuda no fogar designada/o na súa primeira intervención no domicilio para explicar entre as partes o plan de traballo e as condicións da prestación do servizo e os seguimento do servizo.

4. Cando unha situación reciba a consideración de urxente por presentarse a necesidade de forma imprevista e de repente e/ou ser unha situación de alto risco, este procedemento poderá abreviarse, podendo iniciarse o servizo de forma inmediata co informe do/a traballador/a social e a resolución motivada do/a alcalde/sa ou do membro da corporación local responsable en materia de servizos sociais, levándose a cabo posteriormente a instrución do correspondente expediente.

O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación que o motiva, cesando, en calquera caso, coa instrución do procedemento ordinario e posterior resolución de aprobación, denegación ou inclusión na listaxe de agarda.

5. Para a adxudicación do servizo terase en conta a dispoñibilidade presupostaria, polo que de ser necesario, crearase unha listaxe de agarda na que terán prioridade as solicitudes das persoas valoradas como dependentes, tal e como sinala a orde de 22 de xaneiro de 2009 reguladora do servizo de axuda no fogar.

As persoas beneficiarias do servizo incluídas nesta listaxe, ocuparán nela o número de orde que lle corresponda en función da puntuación alcanzada no seu expediente tras efectuar a pertinente baremación contemplada nas bases do presente regulamento, que se incorpora no (**Anexo V**).

En caso de igualdade de puntuación a prioridade establecerase pola antigüidade na listaxe de agarda. Se a persoa beneficiara supera 6 meses na listaxe de agarda, antes de proceder á súa alta como usuario/a do servizo, será preceptiva unha nova valoración da situación, requiríndolle dende o departamento de servizos sociais a documentación que se xulgue necesaria.

6. O Concello terá coñecemento en todo momento a xestión do servizo e efectuará o seguimento continuo deste a través do/a traballador/a social asignado/a para tal fin.

7. No tocante á ampliación ou redución de horarios, días e tarefas que se vaian establecendo durante o desenvolvemento da prestación do servizo, deberán ser previamente valoradas polo/a traballador/a social e ser informadas por escrito polo órgano competente aos/ás usuarios/as.

Artigo 16.- Normas do servizo.

O servizo de axuda no fogar regularase polas seguintes normas, que deberán respectar tanto o beneficiario/a e as persoas do seu entorno coma os profesionais ou voluntarios que interveñan no programa:

- O/a auxiliar non traballará no domicilio en ausencia do/a usuario. Isto será de aplicación tamén no caso dos voluntarios/as.

- A actuación do/a traballador/a de axuda no fogar e, de ser o caso, dos voluntarios, axustarase estrictamente ao proxecto tecnicamente establecido. A relación das traballadoras/es será directa co concello e non co usuario/a.
- Calquera queixa ou suxestión que os prestadores do servizo reciban do usuario deberán poñela en coñecemento do/a técnico/a responsable, sen intervención do usuario.
- Cando pola boa organización do servizo fose necesario realizar un cambio no horario ou unha substitución da traballadora poderá realizarse sen intervención ningunha do usuario, estando vixente igualmente o contrato.
- A atención establecida non pode interferir nin limitar o dereito do/a beneficiario/a á súa intimidade. En consecuencia, o/a traballador/a familiar non poderá acompañarse de ningunha persoa allea ao servizo cando acceda ao seu traballo, e gardará en todo momento o respecto e sxiilo profesional sobre os casos asignados; así mesmo, o/a usuario/a deberá gardar o debido respecto ao/á traballador/a, non indagando na súa intimidade.
- Serán de conta do/a usuario/a todos os gastos de limpeza, comida, aseo, ..., podendo valorarse, non obstante, a xestión dunha axuda económica por tales conceptos en casos especiais, non tendo en caso ningún a consideración de prestación do servizo de axuda no fogar.
- Os/as usuarios/as absteranse en todo momento de facer comentario algún acerca da vida persoal ou modo de actuar da traballadora fora do horario laboral no que se atende podendo ser este motivo suficiente para causarlle a baixa inmediata no servizo.
- Queda a criterio do persoal técnico do servizo de axuda no fogar o reforzar con persoal de apoio (outro/a traballador/a máis, voluntariado, etc.) ao/á traballador/a asignada para o caso nese momento.
- No caso de voluntariado e alumnos/as en prácticas que acudan aos domicilios coas auxiliares, o/a beneficiario/a do servizo deberá asinar unha autorización de entrada no memo **(Anexo VI)**.
- Cando o/a usuario/a non se atope no domicilio no horario fixado para a súa atención, o/a traballador/a familiar non ten obriga de permanecer a espera.
- O/a traballador/a familiar axustará as súas tarefas exclusivamente as detalladas no contrato asinado polo usuario.
- Cando o/a usuario/a queira modificar algún aspecto do seu contrato deberá acudir ao/á responsable do servizo de axuda no fogar a efectos da formulación dun novo.
- Cada usuario/a estará obrigado/a ao pago da contía que se fixe, que deberá aboar mensualmente, para iso asinará a autorización bancaria no modelo que se lle proporcione **(anexo IV)**. Dita tarifa calcularase en función dos ingresos económicos familiares.
- As tarifas sufrirán unha revisión anual estando obrigado o/a usuario/a a actualizar a documentación pertinente que cada mes de xaneiro se lle solicitará.
- Cando o/a auxiliar do servizo non poida prestalo por determinadas razóns (como baixa por enfermidade, motivos persoais, ou outras) intentarase cubrir a súa ausencia: ou ben cun/ha traballador/a cualificado/a contratado/a para atender o servizo con carácter temporal, ou con outro/a auxiliar que xa estea traballando, polo que o/a traballador/a social poderá decidir que durante ese período de tempo, o servizo se preste noutro horario diferente.
- Cando sexa o/a usuario/a quen decida non cubrir a atención nos casos de ausencia do/a traballador/a asignada, non se practicará desconto algún.
- Os servizos prestaranse preferentemente no domicilio.
- A intensidade do servizo de axuda no fogar para persoas atendidas no marco do SAAD virá determinado no seu programa individualizado de atención, utilizándose para o seu axuste diario a seguinte fórmula: $\text{Horas/mes} \times 12 \text{ meses} / 52 \text{ semanas} / \text{días de atención semana}$.
- As queixas derivadas da prestación do servizo presentaranse (tanto por parte dos usuarios coma dos auxiliares) ante o Traballador Social. Existe un libro de reclamacións que está á disposición das persoas usuarias do servizo.
- Establécese como período preferente para a prestación do servizo, de luns a venres, quedando inicialmente excluídas as fins de semana, festivos e horario nocturno. Aínda esto e no marco de atención á dependencia, os horarios serán flexibles e conformes cos

programas individualizados de atención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura de atención de carácter persoal na realización de actividades básicas da vida diaria durante todos os días da semana.

- Como horario preferente de atención de 8:00 a 20:00 h, coa mesma salvedade reflexada no punto anterior. Para o establecemento dos horarios de prestación dos servizos, outorgarase prioridade absoluta ás labores relacionadas no artigo 6, apartado 1.

CAPITULO VI: DA MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN PROVISIONAL E EXTINCIÓN DO SERVIZO.

Artigo 17.- Causas de extinción e modificación do servizo.

I. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:

1. A renuncia da persoa usuaria.
2. O cambio do programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique o cambio de asignación do recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
3. Traslado definitivo da residencia da persoa usuaria a outro concello.
4. Falecemento da persoa usuaria.
5. Impago das cotas correspondentes durante 2 meses consecutivos ou non, salvo xustificación técnica da situación que provoca o impago.
6. Ausencia no domicilio durante o horario establecido no contrato, sen xustificar e sen comunicar, superior a 5 quendas.
7. Por ocultación e/ou falseamento de datos por parte do beneficiario/usuario ou dos familiares.
8. Incumprimento das condicións establecidas no contrato de prestación do servizo ou no regulamento interno de funcionamento do mesmo, ou falta de colaboración do usuario ou familia para poder levar a bo termo as tarefas propostas.
9. Se o beneficiario se ausenta do domicilio sen causa xustificada por un período superior a 1 mes.
10. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
11. Cando o concello deixe de prestar o servizo por falta de medios, ben por ser asumido por outra administración ou entidade de iniciativa social u outras causas.

II. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

No caso de variación das circunstancias ou modificacións substanciais, o/a traballador/a social informará sobre se procede ou non a continuación do servizo, resolvendo o alcalde-presidente de forma motivada notificando ao usuario a resolución e a Xunta no caso de persoas dependentes.

Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución do programa Individual de Atención, consorte o

establecido no decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema da Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 18.-Causas de suspensión temporal do servizo

Son causas de suspensión temporal do servizo, as que seguen:

1. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo (estancia temporal no domicilio de familiares ou achegados que poidan realizar as labores obxecto do servizo, ingreso hospitalario ou centro residencial, ...)
2. Ausencia comunicada do fogar por parte da persoa beneficiaria durante un período non superior a 1 mes.
3. Cando por necesidades do servizo fose preciso ampliar o número de usuarios e se considerasen prioritarios outros casos en función da situación persoal, sanitaria e/ou económica, ou ben por razón orzamentarias, poderíase proceder á modificación parcial ou á suspensión temporal do servizo.

CAPITULO VII: FINANCIAMENTO DO SERVIZO

Atendendo ao disposto no artigo 16 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 reguladora do servizo de axuda no fogar, o servizo financiarase con cargo ao orzamento municipal, coas contribucións da Comunidade Autónoma, da Deputación Provincial e coas achegas das persoas usuarias.

Artigo 19.- Determinación da capacidade económica.

A achega das persoas usuarias do servizo realizaranse en función da capacidade económica destas que se determinará segundo os seguintes criterios:

- considerase a "persoa usuaria" aquela para a que se solicita o servizo. No caso de intervención con familias, considerase "persoa usuaria" a un dos membros adultos da unidade de convivencia responsable dos menores que formen parte dela.
- a capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase atendendo a súa renda e, de ser o caso, ao seu patrimonio. Téndose en conta ademais:
 - rendas dos cónxuxe ou parella de feito.
 - a convivencia con ascendentes que sexan dependentes economicamente da persoa usuaria ou do seu cónxuxe ou parella de feito.
 - a convivencia con descendentes menores de 25 anos ou maiores con discapacidade, economicamente dependentes da persoa usuaria ou do seu cónxuxe ou parella de feito.
- a renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas as pensión e as prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais. Non se terá en conta a prestación económica percibida polo usuario e recoñecida polo polo sistema galego de atención á dependencia.

- para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal, o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considérase exento do cómputo a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre imposto do patrimonio. Nos suposto de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade da persoa beneficiaria.
- no caso de que a persoa beneficiaria tivese cónxuxe ou parella de feito, a renda de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal, a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.
- a capacidade económica por razón da renda obterase dividindo a suma das rendas computables (usuario e cónxuxe ou parella de feito), entre o número total de convivintes a considerar a capacidade económica modificarase á alta do seguinte xeito:
 - Suma dun 5% do valor do patrimonio neto da persoa usuaria que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor, para persoas maiores de 65 anos.
 - Suma dun 3% para persoas de entre 35 e 65 anos
 - Suma dun 1% para menores de 35 anos
- para o cómputo da renda ou patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á derradeira declaración fiscal dispoñible ou derradeira pensión coñecida.
- o Concello de Arzúa revisará anualmente de oficio a capacidade económica das persoas usuarias, comunicando razoadamente as modificacións ás que esta revisión dera lugar.
- O/A usuario/a está obrigado/a a comunicar ao concello calquera variación da súa situación económica e/ou familiar a fin de valorar o seu expediente.

CAPÍTULO VIII: SOPORTE DOCUMENTAL E BAREMOS.

Artigo 20. – Soportes Documentais.

Para levar a cabo a prestación deste servizo é preciso dispoñer dun soporte documental, que para o caso é o seguinte:

- Solicitud
- Informe médico
- Contrato do servizo
- Datos bancarios
- Baremo
- Autorización acceso ao domicilio.
- Proxecto de intervención

DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª:

O servizo de axuda no fogar adaptarase en todo momento á normativa vixente en materia de Servizos Sociais, así como a normativa nacional e autonómica en torno o sistema nacional de dependencia, procedendo este concello á adaptación do presente regulamento de verse afectado polas modificacións substanciais que se produzan,

DISPOSICIÓN ADICIONAL 2ª:

Os beneficiarios aos que se lles ven prestando o servizo de axuda no fogar, pasarán a rexirse de maneira automática e directa por tal reglamento, e a tales efectos requiriráselles para que presenten a documentación necesaria para poder preceder as correspondentes liquidacións das prestacións do servizo.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA:

Queda derogado o Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Arzúa publicado no BOP nº 216 do 19 de setembro de 1998 e a modificación do mesmo publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 62 do 17 de marzo de 2009.

DISPOSICIÓN FINAL:

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez se publique no Boletín Oficial da Provincia, e transcurra tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 nº 2 en relación co artigo 65 nº 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou dereogación expresa.

En Arzúa, a 11 de novembro de 2010

O alcalde

Asdo.; Xaquín García Couso



Concello
de Arzúa

ANEXO I

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR SOLICITUDE

D/Dª:		
DNI, nº:	Data de nacemento :	Estado Civil:
Domicilio:		Teléfono:

SOLICITA a valoración do seu caso para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar, conforme á normativa municipal que regula este Servizo.

DECLARA que os ingresos que perciben son:

Ingresos personais		€ / mes
Ingresos do resto do núcleo familiar		€ / mes
Suma total		€ / mes

Outras persoas da unidade familiar que precisan do Servizo de Axuda a Domicilio
<input type="checkbox"/>

Arzúa, __ de ____ de

Asdo.:

ANEXO II

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

INFORME MÉDICO

Emitido polo/a Doutor/a D/D^a _____ Colexiado nº _____

Relativo a D/D ^a			
¿Padece enfermidade infecto-contaxiosa?	SI	NON	
En caso afirmativo indique cal:			
¿Atópase inmobilizado e precisa atención continua?	SI	NON	
¿Presenta trastornos psíquicos que poidan alterar a convivencia?	SI	NON	
INSUFICIENCIAS OU LIMITACIÓNS FÍSICAS	LEVE	IMPORTANTE	TOTAL/ SEVERA
TIPOLOXIA E VALORACIÓNS			
VISUAIS E/OU AUDITIVAS			
INCONTINENCIA			
DIFICULTADE NO MANEXO DE EXTREMIDADES SUPERIORES			
DIFICULTADE NO MANEXO DE EXTREMIDADES INFERIORES			
TRASTORNOS RESPIRATORIOS			
TRASTORNOS CARDÍACOS			
OUTROS			
INSUFICIENCIAS OU LIMITACIÓNS PSÍQUICAS	LEVE	IMPORTANTE	TOTAL/ SEVERA
TIPOLOXIA E VALORACIÓNS			
DESORIENTACIÓN TEMPO-ESPACIAL			
ALTERACIÓNS DA PERCEPCIÓN			
INCOHERENCIA NA COMUNICACIÓN			
DESCONTROL EMOCIONAL			
TRASTORNOS DA MEMORIA			
TRASTORNOS DA CONDUCTA			
OUTROS			
VÁLESE POR SI MESMO PARA AS ACTIVIDADES COTIÁNS	SI		NON
EN CASO NEGATIVO, APUNTAR AS QUE PRESENTAN MAIOR DIFICULTADE			
<input type="checkbox"/>			
PRECISA OUTRO TIPO DE AXUDA OU ATENCIÓN	SI		NON
RESIDENCIA			
INGRESOS HOSPITALARIOS			
AXUDAS TÉCNICAS (CADEIRA DE RODAS, COLCHÓN ESPECIAL, GRÚAS...)			
VOLUNTARIOS			
COMEDOR A DOMICILIO			
ATENCIÓNS MÉDICO/SANITARIAS			
REHABILITACIÓN / XIMNASIA			
OUTROS			

DIAGNÓSTICO, TRATAMENTO, DIETAS ALIMENTICIAS E ATENCIÓNS QUE PRECISA:

(Imprescindible cubrir este apartado para mellorar a atención do usuario)

Arzúa, ____ de _____ de 2010

Sinatura do facultativo,

ANEXO III-1

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CONTRATO INTERNO

Prestación

<input type="checkbox"/>	INICIAL
<input type="checkbox"/>	PRÓRROGA
<input type="checkbox"/>	MODIFICACIÓN

D/D ^a		
DNI, n ^o	Data de nacemento	Estado Civil:
Domicilio:		Teléfono

ACEPTA recibir as atencións ou tarefas que haberá de prestarlle a Auxiliar do servizo, tal e como se concretan a continuación:

TAREFAS A REALIZAR
<input type="checkbox"/>

Realizará as tarefas que se sinalan neste contrato	
D/D ^a	EMPRESA SOCYSER
Durante o tempo de	
Comprendidos entre	
Durante os días	
E horas	

LIQUIDACIÓN DO PRECIO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO				
DÍAS A SEMANA	HORAS O DÍA	BASE IMPONIBLE	PORCENTAXE	CUANTÍA SEGÚN TARIFA

Mediante este contrato comprométome a cumprir as disposicións contidas no Regulamento Regulador do Servizo de Axuda no Fogar, así como na Ordenanza Reguladora da Tasa pola prestación de dito servizo, que resultaron aprobados polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día

Arzúa, a __ de _____ de

O/A beneficiario/a,
Asdo.:

A TRABALLADORA SOCIAL
Asdo.:



Concello
de Arzúa

ANEXO III-2

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

CONTRATO INTERNO

Prestación

<input type="checkbox"/>	INICIAL
<input type="checkbox"/>	PRÓRROGA
<input type="checkbox"/>	MODIFICACIÓN

D/D ^a		
DNI, n ^o	Data de nacemento	Estado Civil:
Domicilio:		Teléfono

ACEPTA recibir as atencións ou tarefas que haberá de prestarlle a Auxiliar do servizo, tal e como se concretan a continuación:

TAREFAS A REALIZAR
<input type="checkbox"/>

Realizará as tarefas que se sinalan neste contrato	
D/D ^a	
Durante o tempo de	
Comprendidos entre	
Durante os días	
E horas	

Mediante este contrato comprométome a cumprir as disposicións contidas no Regulamento Regulador do Servizo de Axuda no Fogar, así como na Ordenanza Reguladora da Tasa pola prestación de dito servizo, que resultaron aprobados polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día _____.

Arzúa, a __ de _____ de

O/A beneficiario/a,
Asdo.:

A TRABALLADORA SOCIAL
Asdo.:

A AUXILIAR,
Asdo:



ANEXO IV

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR AUTORIZACIÓN BANCARIA

Moi señores meus:

Agradecería a vostede tome nota de adeudar na conta abaixo detallada, os recibos que a nome de _____, por importe de _____ euros, con carácter mensual, e dentro dos 10 primeiros días seguintes o mes vencido, deberá aboar dito importe na conta do Concello de Arzúa nº _____, da entidade bancaria _____, correspondente a Prestación do Servizo de Axuda no Fogar.

Caixa ou Banco:

Sucursal:

Nº de conta (con tódolos díxitos):

Titular:

NIF:

Arzúa, __ de _____ de

Asdo.:

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA.

ANEXO V

BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA

(modalidade de prestación básica de servizos sociais de atención primaria)

FACTOR-1: AUTONOMÍA PERSOAL (máximo total 40 puntos)

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia.

As persoas dependentes valoradas que polo calendario oficial de implantación teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrència.

A asignación de valor en función do factor “autonomía persoal” realizarase de acordo coa seguinte táboa:

TÁBOA DE EQUIVALENCIAS PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMÍA PERSOAL									
De 33% a 64% de discapacida cidade	De 65% a 74% de discapacida cidade	75%-100%	25-39 pts BVD	81%- 87%	50-64 pts BVD	88%- 93%	75-89 pts BVD	94%- 100%	Grao de discapacida de en menores de 18 anos sen valoración de ATP ou BVD
		75%-100% discapacida e ata 14 pts ATP		75%-100% discapacida de e 15-29 pts ATP		75%-100% discapacida de e 30-44 pts ATP		75%-100% discapacida de e 45-72 pts ATP	Grao de Discapacida de + Axuda Terceira Persoa. ATP RD 1971/1999
		75% discapacida e ata 24 pts BVD		40-49 pts BVD		65-74 pts BVD		90-100 pts BVD	Grao de Discapacida de + Axuda Terceira Persoa. Puntuación BVD (RD. 504/2007)
				Grao I, Nivel 1		Grao I, Nivel 2		Grao II, Nivel 1	Grao II, Nivel 2
5 pts	10 pts	14 pts	20 pts	24 pts	30 pts	32 pts	38 pts	40 pts	PUNTAÇÃO Nivel de Autonomía persoal

Puntos

Total puntos autonomía persoal _____

FACTOR-2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos)

	Puntos
A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos) _____	<input type="text"/>
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos) _____	<input type="text"/>
A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):	<input type="text"/>
Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos) _____	<input type="text"/>
Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos) _____	<input type="text"/>
Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos) _____	<input type="text"/>
Con incapacidade para organizarse (3 puntos) _____	<input type="text"/>
Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos) _____	<input type="text"/>
Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos) _____	<input type="text"/>
Está ben atendido (0 puntos) _____	<input type="text"/>
Total puntos apoio social _____	Puntos <input type="text"/>

FACTOR-3: SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES (máximo total 20 puntos)

3.1. Conflito (máximo total 4 puntos)	Puntos
Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto) _____	<input type="text"/>
Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos) _____	<input type="text"/>
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos) _____	<input type="text"/>
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos) _____	<input type="text"/>
3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)	Puntos
Familias nas que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atencións aos menores (2 puntos) _____	<input type="text"/>
3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)	Puntos
Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos) _____	<input type="text"/>
3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)	Puntos
Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos) _____	<input type="text"/>
3.5. Número de menores (máximo total 10 puntos)	Puntos

Un menor (3 puntos) _____

Dous menores (5 puntos) _____

Tres menores (7 puntos) _____

Catro ou máis menores (10 puntos) _____

Total puntos situación familiar/socialización menores _____

Puntos

FACTOR-4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (máximo total 20 puntos)

4.1. Vivenda (total 10 puntos)

Puntos

Non hai luz eléctrica (1 punto) _____

Non hai auga corrente (1 punto) _____

Non posúe WC (1 punto) _____

Non posúe cuarto de baño completo (1 punto) _____

Non ten neveira (1 punto) _____

Non ten quentador (1 punto) _____

Non ten lavadora (1 punto) _____

Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto) _____

Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto) _____

Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto) _____

4.2. Integración no contorno (total 10 puntos)

Puntos

Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos) _____

Ausencia de relacións sociais (6 puntos) _____

Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos) _____

Integración axeitada no contorno (0 puntos) _____

Total puntos outros aspectos sociais _____

Puntos

TOTAL XERAL _____

Puntos



ANEXO VI AUTORIZACIÓN ACCESO AO DOMICILIO

Eu _____, con nº de DNI:

AUTORIZO o acceso a miña vivenda ó persoal do Servizo de Axuda no Fogar dos Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello de Arzúa a efectos da correcta prestación do SAF e comprométome a realizar as indicacións que sobre o mesmo se me faciliten.

Arzúa adede 20.....

Asdo.D/Dña.....

